

DISPARIDADES RETRIBUTIVAS DO PROFESORADO DO ENSINO PÚBLICO NON UNIVERSITARIO

MANUEL CÉSAR VILA
IES Armando Cotarelo Valledor

Recibido: 27 de agosto de 2007

Aceptado: 25 de setembro de 2008

Resumo: Analízase a evolución das retribucións do profesorado público non universitario nas diferentes comunidades autónomas do Estado español. Faise un repaso da teoría económica que relaciona a oferta de profesorado co salario, concluíndo que non sería aplicable para o estudo da dispersión salarial no Estado español ao contar cunha oferta elástica. Deseguido expónse a estrutura salarial do profesorado público non universitario, pasando a estudar as diferenzas existentes entre as distintas comunidades autónomas, para o que botamos man dos principais indicadores de dispersión e de converxencia. Esta análise realízase tanto para os salarios nominais como para os reais dos primeiros anos do século XXI, observando unha tendencia ao incremento da diverxencia. Igualmente, conséntase unha perda de poder adquisitivo destes traballadores, así como unha perda de riqueza relativa con respecto ao resto dos sectores económicos.

Palabras clave: Salarios / Profesorado público non universitario / Converxencia / Perda de poder adquisitivo.

NON UNIVERSITY PUBLIC TEACHING STAFF REMUNERATION DISPARITIES

Abstract: The evolution of the repayments of the non university public teaching staff in the different Autonomous Spanish regions is analyzed. A review of the economic theory which relates the supply of teaching staff to the wage is made, concluding that It would not be applicable for the study of the wage dispersion in the Spain, when counting on an elastic supply. Next the wage framework of non university public teaching staff is exposed; going on to study of the existing differences between the different independent regions, for this it is resorted to the main indicators of dispersion and convergence. This analysis is made so much for the nominal wages as for the real ones, of the first years of the XXI century, observing a trend of a growing divergence. Also loss of purchasing power of these workers, as well as a loss of relative wealth with respect to the rest of the economic sectors.

Keywords: Salaries / Non university public teaching staff / Convergence / Loss of purchasing power.

1. INTRODUCCIÓN

Existe un gran consenso e unha ampla e variada literatura sobre a incidencia que ten o capital humano no crecemento económico (Martín, 2000, pp. 2-4), pero a definición de capital humano para a economía como ciencia non resulta doada, malia o desenvolvemento teórico que sobre esta cuestión ten lugar a partir da década dos anos sesenta. Con todo, a evidencia empírica verifica unha relación positiva entre educación e crecemento económico e benestar dos países (Palafox, Mora e Pérez, 1995, p. 2). De igual maneira, cando se intenta cuantificar o capital humano, todos os indicadores utilizados teñen en conta en maior ou menor medida a educación formal (Serrano, 1995). De feito, son relativamente recentes os indicadores que poderíamos denominar compostos, xa que teñen en conta outras variables ademais da

educación formal, mentres que os indicadores tradicionais se centran só nos resultados do sistema educativo.

Polo tanto, a educación formal ou os procesos que se levan adiante nos centros educativos do sistema regrado resultan decisivos para a dotación de capital humano dun territorio dado. Á súa vez, estes resultados educativos dependen dunha ampla variedade de factores, dentro dos que estarían os relacionados coa función docente. Como para calquera outro traballador, o salario pode supoñer para o profesor un incentivo ou unha causa de desmotivación, coas repercusións que irían aparelladas polo que respecta aos resultados do seu labor.

Neste artigo imos centrar a nosa atención na análise das retribucións do profesorado dos niveis non universitarios do ensino público, por ser este sector o maioritario no Estado español¹.

Como sinala San Segundo (2001, p. 286), “*el análisis de las remuneraciones del profesorado y sus consecuencias sobre la calidad de la enseñanza es un tema clásico de la investigación en economía de la educación*”. Un dos primeiros autores que tratou o tema –se non o primeiro, como noutras moitas cuestións– foi Adam Smith (1990, pp. 671-92), quen propoñía a competencia entre mestres, entre escolas e entre universidades para estimular así os seus esforzos e acrecentar a calidade do ensino, de tal maneira que as súas retribucións fosen conformes ao éxito e á sona de cada mestre ou de cada institución educativa. Segundo este autor, un salario garantido polo Estado provocaría a acomodación dos mestres dada a propia natureza humana, xa que os seus emolumentos non dependerían da calidade do seu traballo.

Moito máis recentemente, o tópico dos salarios dos profesores foi estudado en relación coa oferta de profesorado. Os primeiros autores que estudaron desta maneira a cuestión foron Zabalza (1970) e Zabalza *et al.* (1979). Segundo estes autores, a oferta de profesorado dependería, alén das condicións de emprego ofrecidas aos novos profesores, das condicións existentes noutras ocupacións alternativas. Esta oferta relativa de profesorado estaría determinada polo seu salario relativo, pola taxa de aumento dos soldos durante o seu ciclo vital, pola situación do mercado de traballo e por algunhas outras variables de control, como son a formación en carreiras de ciencias ou de letras. Desta maneira, a oferta de profesorado sería sensible ao salario relativo e ás perspectivas no longo prazo, representadas pola taxa de crecemento dos ingresos durante o ciclo vital. Por materias, os que posúen formación en letras adoitan dedicarse nunha maior proporción ca o resto, *ceteris paribus*, ao ensino; no caso das mulleres –non así para os homes– ocorre o mesmo coas materias de ciencias. Outra conclusión é que unha taxa elevada de desemprego dos graduados acrecenta a oferta relativa de profesores. A resultados similares chegou outro estudo realizado por Murnane e Olsen no ano 1989.

¹ Segundo o Ministerio de Educación e Ciencia (2007), o 73,2% do profesorado destes niveis para o curso 2006-2007 pertencía ao ensino público. Igualmente, o 67,5% do alumnado tamén estaba a cursar os seus estudos en centros de titularidade pública.

Autores que continuaron con esta liña de pescuda foron Cohn e Geske (1990) e Johnes (1995). Johnes considera que o mercado de educadores está moi planificado, xa que tanto a procura como a oferta de profesores están moi controladas polas Administracións Públicas, polo que convén ver se existe unha asignación eficiente de recursos. Para isto, examina a retribución do profesorado, as súas condicións de emprego e a fuxida de cerebros.

Polo lado da procura do profesorado influirían dúas variables moi difíciles de predicir: no nivel educativo obrigatorio, a variable en cuestión sería o número de nacementos e, nos niveis postobrigatorios, os gustos do alumnado sería a variable que cumpriría ter en conta.

Do lado da oferta, a súa estimación acadaría unha dificultade maior cá da procura. Temos que pensar que a súa análise se refire ao Reino Unido, onde o sistema educativo posúe uns trazos que non se dan no sistema español, de tal maneira que a dificultade para a estimación desta oferta do profesorado viría dada polo número de abandonos na carreira docente, aspecto sen paralelismo no Estado español, cando menos no ensino público.

Tamén existen traballos desde un punto de vista microeconómico. Dolton (1990) estuda a oferta individual de ocupación. Alén dos salarios relativos e da materia estudada, o autor considera trazos individuais –educación, raza, sexo e clase social– como variables explicativas. Os resultados confirman as conclusións de Zabalza e albiscan outras novas como que a propensión a escoller a docencia como ocupación diminúe ao mellorar o nivel de titulación, ao diminuír a clase social e que é relativamente baixa para os integrantes de minorías étnicas. Tamén existen indicios de que é maior a probabilidade de que accedan as mulleres ca os homes. Como conclusións definitivas, o autor anterior sinala que o sector educativo loita por atraer e por reter graduados de boa calidade, e que a oferta de profesores non é inelástica con respecto á remuneración, senón que as diferenzas salariais entre docentes e outras ocupacións son importantes para a elección de ocupación (tanto ao graduarse coma *a posteriori*). Con todo, constata que existe unha certa inercia na permanencia do profesorado asociada á valoración que lles dan os individuos aos beneficios non monetarios, beneficios que só poden ser constatados desde dentro.

Os modelos teóricos de contratos óptimos entre empresas e traballadores tamén poderían servir para explicar as políticas de contratación e de remuneración do profesorado. A teoría dos salarios de eficiencia demostra que pode ser beneficioso para a Administración educativa pagarlles salarios elevados aos profesores, porque desta maneira pode atraer os mellores profesionais e porque estes profesores se esforzarán en ser produtivos para evitar ser despedidos. En España, e dentro do sistema público, este segundo aspecto carece de sentido, aínda que podería ter un substitutivo no “risco moral” que suporía o desleixo profesional. A solución aparece ligada, neste caso, a esquemas de remuneración baseados en incentivos á produción docente².

² Cuestión de complexa concreción material dada a dificultade de medir a produtividade do profesorado, como establecen Serrano e Pastor (2003, pp. 21-22).

A panorámica teórica anterior sérvenos para constatar que existen unha serie de variables relacionadas co salario do profesorado e como inflúe este na oferta de profesores. No sistema educativo público español, a oferta de profesores é elástica, non existindo problemas en ningunha comunidade autónoma á hora de recrutar novos profesores. Todo o contrario, ano tras ano son miles os candidatos que fican fóra nos procesos de selección convocados.

Unha vez sinalado isto, o presente traballo vaise centrar na evolución destas retribucións nos primeiros anos deste século nas diferentes comunidades autónomas.

Polo demais, partindo dunha lexislación básica común para todo o Estado en materia educativa, que afectaría tamén ás retribucións destes traballadores, na realidade constátanse grandes diferenzas intercomunitarias. Por todo isto, no punto 2 comezaremos analizando o sistema retributivo do profesorado público non universitario, explicando cales son os motivos legais que permiten a existencia desas diferenzas rexionais. Os datos dispoñibles permiten estudar a diversidade salarial durante os primeiros anos deste século. No punto 3, polo tanto, vaise estudar a evolución destas retribucións, en primeiro lugar a nivel nominal, para deseguido facelo a nivel real. O artigo remata cun apartado de conclusións no que se resumen os principais resultados aos que se chega.

2. O SISTEMA RETRIBUTIVO

Considerar o salario do profesorado coma unha retribución máis do factor traballo dun sector produtivo concreto supón obviar o carácter senlleiro do propio proceso educativo e as repercusións que o seu *output* ten para o conxunto da economía. Na teoría económica inténtase relacionar produtividade con salarios, axustando estes á evolución daquela, pero na educación a produtividade ten difícil medición e, alén disto, a produción da educación é un proceso moito máis complexo e delicado cá do resto de sectores (Serrano e Pastor, 2003, pp. 21-22). A incidencia da educación sobre a formación de capital humano acrecenta a responsabilidade da primeira, focalizando o punto de atención de calquera sociedade na calidade dos resultados da actividade educativa.


Como consecuencia deste papel sobranceiro da educación e para poder cuantificar os seus logros, fóronse creando unha serie de indicadores³, algúns dos cales relacionan os recursos destinados ao proceso educativo coa calidade do dito proceso. Dentro deste conxunto, alén das cantidades destinadas á educación en relación co PIB ou co número de alumnos ou co número de alumnos por grupo educativo ou por profesor, estaría o soldo do profesorado, entendido coma un factor máis de motivación deste e non coma un indicador da produtividade, pero si relacionado coa calidade do proceso educativo e con que esta calidade fornecerá máis e mellor capi-

³ Moitos deles por obriga legal (INCE, 2006, p. 12).

tal humano. Aínda que a evidencia empírica non é concluínte polo que respecta á relación directa entre recursos económicos e calidade educativa (Serrano e Pastor, 2003, p. 21), non se pode negar, como xa sinalamos, o papel motivador do salario.

Ao abeiro da lexislación vixente, poderíase pensar nun sistema retributivo común para todo o Estado, coas lóxicas diferenzas en función do corpo, do nivel e do cargo. Isto é así polo que respecta á normativa de referencia aplicable e á maioría dos conceptos retributivos utilizados, pero non ao total retributivo resultante. Así, botándolles unha ollada a estes conceptos retributivos, observamos que nalgúns deles existen diferenzas nas súas contías dependendo da comunidade na que traballe o docente. Na figura 1 podemos observar os diversos conceptos retributivos que compoñen a nómina do profesorado público non universitario.

Figura 1.- Conceptos retributivos do profesorado público non universitario



Indemnización por residencia: só para Ceuta, Melilla, illas Canarias e illas Baleares

NOTAS: 1) Coa excepción do País Vasco e de Navarra. No primeiro caso, porque a súa contía é superior ao resto do Estado. No caso de Navarra, ao non contar con ese concepto porque posúe unha estrutura retributiva diferente da que forman parte tan só o soldo, o complemento específico, os quinquenios e o grao. 2) Os sexenios non existen en Canarias, aínda que o importe do complemento específico é moi superior á media estatal. Tampouco existen en Navarra, onde existe un concepto retributivo chamado grao, que é percibido pola permanencia no posto cada seis anos e sete meses. No País Vasco tampouco existen de xeito diferenciado, aínda que o concepto de grao se percibe polo transcurso de cada seis anos e a súa contía é igual para todos os corpos.

FONTE: Elaboración propia a partir dos informes do *Consejo Escolar del Estado*.

Van ser, polo tanto, o complemento específico e, de ser o caso, a indemnización por residencia os conceptos retributivos encargados de marcar as diferenzas salariais nas diferentes comunidades, sempre dentro do mesmo corpo, grupo e nivel de funcionarios. Os conceptos retributivos varían basicamente en función do grupo (A1 ou A2, antigos A e B) e do nivel (21, 24 e 26), segundo se recolle na táboa 1. Ambas as dúas variables caracterizan os diferentes corpos docentes que establece a *Lei orgánica de educación*⁴. A táboa 1 resume esquematicamente estes tres elemen-

⁴ Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, de 04/05/06, pp. 17158-17207).

tos, agrupando as diferentes categorías polo tipo de ensino no que desenvolven as súas tarefas, clasificación que entrou en vigor a partir do 1 de agosto de 1989.

Táboa 1.- Corpos docentes do ensino público non universitario

CORPO	GRUPO	NIVEL
Mestres*	A2	21
Profesores técnicos de formación profesional	A2	24
Profesores de ensino secundario	A1	24
Catedráticos de ensino secundario	A1	26
Profesores de música e artes escénicas	A1	24
Catedráticos de música e artes escénicas	A1	26
Mestres de taller de artes plásticas e deseño	A2	24
Profesores de artes plásticas e deseño	A1	24
Catedráticos de artes plásticas e deseño	A1	26
Profesores de escolas oficiais de idiomas	A1	24
Catedráticos de escolas oficiais de idiomas	A1	26
Inspectores de educación	A1	26
*Algún profesorado deste corpo conta co nivel 24 ao estar impartindo aulas no primeiro ciclo da Educación Secundaria Obligatoria (ESO).		

FONTE: Elaboración propia a partir dos informes do *Consejo Escolar del Estado*.

Cabería preguntarse a que son debidas esas diferenzas salariais e como se foron materializando ao longo do tempo. A resposta débese procurar nos diversos acordos retributivos asinados entre a Administración educativa de cada comunidade autónoma e os sindicatos⁵ con representación nas mesas sectoriais de negociación. Loxicamente, trátase dun proceso histórico que xurdiu coa creación do chamado *Estado das autonomías*, que bota a andar coa *Constitución española* aprobada no ano 1978. Con todo, as competencias educativas non foron asumidas ao mesmo tempo por todas as comunidades. Aínda que os diferentes estatutos entraron en vixencia ao longo dun período comprendido entre o mes de decembro do ano 1979 e o mes de febreiro do ano 1983, foi fundamentalmente o sistema de acceso á autonomía (Tamames e Tamames, 2003, pp. 256-261) o que marcou o ritmo con que se asumiron as competencias educativas. A asunción destas competencias produciuse nalgún caso, como nas chamadas *nacionalidades históricas* e nalgunha outra, xa desde o primeiro momento, mentres que noutros casos o proceso vai demorarse algún ano máis. Este fito temporal sinala o comezo das disparidades retributivas entre comunidades, disparidades que ata ese momento non existían.

Nas *nacionalidades históricas* máis Andalucía, a Comunidade Valenciana e Canarias, os primeiros orzamentos con gastos educativos remóntanse a principios da década dos anos oitenta. Pola contra, no resto de comunidades estes gastos non aparecen no orzamento autonómico ata finais da década dos anos noventa ou ata o ano 2000, agás en Navarra onde aparecerán no ano 1991.

⁵ Non sempre todos os sindicatos con representación asinan estes acordos. Por exemplo, en Galicia o acordo do ano 2003 non foi asinado polo sindicato maioritario –*Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-Ensino)*–.

Con esta asunción de competencias, e como solución, arbítrase un proceso de homologación salarial, producíndose a sinatura de diferentes acordos sobre todo a partir do ano 1998. Convén, polo tanto, botarlles unha ollada aos acordos asinados nos últimos anos nos diferentes territorios (táboa 2).


Táboa 2.- Acordos retributivos asinados

COMUNIDADE AUTÓNOMA	APLICACIÓN		IMPORTE (en euros)
	Períodos	Duración	
Andalucía	2000-2003	3	120,20
Aragón	2000-2002	2	144,24
Asturias	2000-2002	2	138,23
Illas Baleares	1998-2002	4	210,35
Illas Baleares	2002-2004	2	180,30
Cantabria	1999-2001	2	156,26
Castela-A Mancha	2000-2002	2	150,25
Castela e León	2000-2002	2	138,23
Estremadura	2000-2002	2	138,23
Galicia	2003-2006	3	100,00
Galicia	2007-2009	2	150,00
Madrid	1999-2001	2	156,26
Murcia	1999-2002	3	144,24
Rioxa, A	1999-2001	2	150,25
Comunidade Valenciana	2000-2003	3	111,71

FONTES: Consejo Escolar del Estado (varios anos), CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Para unha mellor visualización destes, representámoslos tendo en conta as dúas variables en xogo: o número de anos nos que se vai demorar a consecución da mellora retributiva⁶ e a contía nominal desta (gráfica 1). Achando as medias de ambas as dúas variables, podemos observar como os acordos máis vantaxosos ficarían no cuadrante superior esquerdo, mentres que os peores acordos estarían situados no inferior dereito. Deste xeito, destaca o acordo asinado en Galicia no ano 2003 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e todos os sindicatos con representación na mesa sectorial de educación, coa excepción do sindicato maioritario (CIG-Ensino), como o peor acordo dos asinados en todo o Estado. Pola contra, o acordo asinado nas illas Baleares no ano 2002 é o mellor dos acordos asinados ata o momento. Seguiríanlle a este, en orde descendente, os acordos do ano 1999 asinados en Cantabria e en Madrid, o da Rioxa do ano 1999, o de Castela-A Mancha do ano 2000 e, finalmente, dentro deste grupo dos máis vantaxosos teriamos o asinado en Galicia no ano 2006, tendo en conta que esta Comunidade seguía mantendo o primeiro posto no *ranking* do profesorado peor pagado.

⁶ A mellora retributiva en ningún destes acordos é inmediata, senón que as contías se van acumulando ata acadar o importe total.

Gráfica 1.- Acordos retributivos asinados

NOTA: Andalucía (And), Aragón (Ara), Asturias (Ast), illas Baleares 1998 (Bal 98), illas Baleares 2002 (Bal 02), Cantabria (Cant), Castela-A Mancha (C-M), Castela e León (CeL), Estremadura (Est), Galicia 2003 (Gal 03), Galicia 2006 (Gal 06), Madrid (Mad), Murcia (Mur), A Rioxa (Rio) e Comunidade Valenciana (Val).

FONTES: Consejo Escolar del Estado (varios anos), CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.


3. DIVERSIDADE SALARIAL: ANÁLISE COMPARADA

3.1. DIVERSIDADE DOS SALARIOS NOMINAIS

O fenómeno desta diversidade, como xa se sinalou, bota andar parello co proceso de transferencia da materia educativa da Administración Xeral do Estado ás diferentes Administracións autonómicas. Polo tanto, e sabendo que este proceso non rematou ata o ano 2000 e como ademais disto carecemos de datos para todas as comunidades ata ese ano, ímonos centrar na análise a partir dese momento. Con todo, no informe do curso 1997-1998 do *Consejo Escolar del Estado* xa se sinala a existencia de tres grandes bloques retributivos. O primeiro bloque, do que forman parte Canarias, Navarra e o País Vasco, agruparía os territorios onde mellor pagado estaría o profesorado non universitario. O segundo bloque estaría constituído por Galicia, Cataluña e pola Comunidade Valenciana, cuxo profesorado estaría retribuído a un nivel intermedio. E por último, o terceiro bloque agruparía as comunidades que peor lle pagan ao seu profesorado e no que estarían incluídas Andalucía, Ceuta e Melilla e o resto das comunidades non incluídas nos dous primeiros bloques, recibindo estas últimas comunidades en conxunto o nome de “territorio MEC” por depender do Ministerio de Educación e Ciencia.

A partir desta primeira achega, a dispersión das retribucións do profesorado non universitario experimenta unha evolución moi variable. Botándolle unha ollada á gráfica 2⁷, na que se representan o percorrido e o coeficiente de variación destes salarios nas diferentes comunidades, e distinguindo entre o profesorado de primaria e o de secundaria, podemos constatar unha evolución bastante parella de ambos os dous indicadores e mais o acrecentamento da dispersión a partir do ano 2003, logo dunha senda descendente que, dada a falta de datos, poderíamos situar o seu comezo nos últimos anos da década dos anos noventa. Esta data non é aleatoria, senón que tomamos en conta o ano 1998, ano no que se asina o primeiro acordo de homologación salarial ao que lle seguen outros en anos posteriores. Temos que pensar que partimos dunha situación sen diferenzas salariais a principios dos anos oitenta e que estas se acrecentan a medida que as diversas comunidades van asumindo as competencias educativas.

Gráfica 2.- Coeficiente de variación e percorrido das retribucións nominais



FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Desta maneira, a diminución da dispersión durante os catro primeiros anos da serie pode ser explicada pola consolidación dos acordos retributivos nese período. Así, no ano 2001 perfecciónanse tres dos mellores acordos asinados ata o momento: Cantabria, Madrid e A Rioxa. O ano 2002 foi o ano en que se perfeccionou un maior número de acordos (sete) e no ano seguinte remata este ciclo coa conclusión dos acordos de Andalucía e da Comunidade Valenciana, período onde se dá a menor dispersión salarial tanto para o profesorado de primaria como de secundaria. A partir de aquí, o perfeccionamento de acordos é case inexistente. No ano 2004, só as illas Baleares materializaron o mellor dos acordos asinados ata o momento, feito que provocou un aumento da dispersión salarial ao non partir dunha posición baixa. No ano 2006 conclúe o perfeccionamento do acordo asinado en Galicia no ano

⁷ Dentro das retribucións non se tivo en conta a indemnización por residencia, polo que para as illas Canarias, para as illas Baleares e para Ceuta e Melilla se sumaron os mesmos conceptos salariais que para o resto das comunidades. Loxicamente, a dispersión sería moito maior de estar incluída a dita indemnización, oscilando o coeficiente de variación entre o 0,080 e o 0,096 e o percorrido entre 510 e 792 euros, en vez de entre o 0,045 e o 0,060 e 312 e 499 euros respectivamente, como se mostra na gráfica 2.

2003, pero este acordo non é quen de rachar a tendencia anterior, xa que a mellora é tan cativa que non pode compensar os aumentos retributivos que se producen na totalidade das comunidades por calcularse como incrementos porcentuais sobre as contías vixentes, por tratarse de acordos de ámbito estatal con aplicación para todos os funcionarios –entre eles os docentes– e por partir Galicia do último lugar na escala retributiva.

Polo tanto, a sinatura dos acordos de homologación salarial provocou que determinadas comunidades que formaban parte do terceiro bloque mellorasen a súa posición e a retribución do profesorado fose máis homoxénea en todo o Estado á metade da serie. Como contrapartida a isto, comunidades que non asinaron acordos pasaron de pertencer ao bloque intermedio ao grupo das peor pagadas e mesmo a pechar a lista. Este é o caso de Galicia que a partir do ano 2002 pasa a ser a Comunidade con menores retribucións do Estado, posto que non abandonou ata o ano 2006, onde só Ceuta e Melilla (sen considerar entre os conceptos salariais a indemnización por residencia) ficarían por baixo dela⁸.

Este comportamento variable no tempo lévanos a preguntarnos se as retribucións do profesorado público non universitario converxen ou diverxen ao longo dos anos. O concepto de converxencia, como sinala Vence (1996, p. 198)⁹, é múltiple. Seguindo dous indicadores convencionais –a converxencia β e a converxencia σ –, analizaremos a evolución destas retribucións.


Seguindo a Sala-i-Martín (1994, p. 15), existe converxencia β nunha sección cruzada se atopamos unha relación negativa entre a taxa de crecemento dunha variable e o seu nivel inicial. Se esta correlación fose parcial falaríamos de converxencia β condicional e, pola contra, utilizando unha regresión univariante calcularíamos a converxencia β absoluta. As gráficas seguintes representan a converxencia β absoluta dos salarios nominais. Tanto para o profesorado de primaria como para o de secundaria constátase este tipo de converxencia, polo que as comunidades que partían con menores niveis salariais no ano 2000 acrecentan os ditos niveis máis rapidamente cás que partían con salarios maiores. Con todo, a converxencia faise a taxas bastante baixas: dun 5,6% para primaria e dun 4,8% para secundaria, como indican os coeficientes da variable independente.

Alén disto, cómpre sinalar que os valores baixos do coeficiente de determinación están a sinalar unha frouxa relación entrambas as dúas variables (0,16 para primaria e 0,11 para secundaria) e que as regresións non resultan significativas ao 5%.

⁸ Como a partir de outubro dese ano as retribucións mensuais galegas van aumentar en 21,87 euros, a Comunidade subiría algún chanzo máis na lista estatal, pasando por diante de Asturias, Castela e León e Estremadura.

⁹ Alén da converxencia β e da converxencia σ , que imos utilizar neste traballo, o autor sinala cando menos sete conceptos diferentes de converxencia: homoxeneización, *catch-up*, converxencia bruta, converxencia explicada, converxencia residual, converxencia asintoticamente perfecta e converxencia limitada.

Gráfica 3.- Converxencia β dos salarios nominais do profesorado de primaria




Coef. correl. múltiple	0,40360361
Coef. determinación R^2	0,16289588
R^2 axustado	0,11057687
Erro típico	0,00768741
Observacións	18

	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,44645031	0,23379817	1,9095543	0,07428814
Variable x	-0,0561201	0,03180484	-1,76451477	0,09672379

FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Gráfica 4.- Converxencia β dos salarios nominais do profesorado de secundaria



Coef. correl. múltiple	0,32915755
Coef. determinación R^2	0,10834469
R^2 axustado	0,05261624
Erro típico	0,00768462
Observacións	18


	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,38982198	0,25620272	1,52153728	0,14764145
Variable x	-0,04764474	0,03417037	-1,39432918	0,18227931

FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Polo demais, a existencia desta converxencia β non implica que a dispersión salarial estea a diminuír. De feito, como mostran diferentes indicadores de dispersión

coma o rango, o coeficiente de variación ou o outro tipo de converxencia xa sinalado, a converxencia σ , despois duns anos de redución retorna a unha senda ascendente a partir do ano 2003. Na gráfica 5 preséntase a traxectoria seguida pola converxencia σ , constatando que no último ano da serie a dispersión para os salarios de primaria é a mesma ca no ano inicial, sendo superior para os de secundaria, co cal, utilizando este indicador, estaríamos contradicindo os resultados aos que chegabamos co indicador anterior.


Gráfica 5.- Converxencia σ das retribucións nominais



FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Utilizando outros indicadores podemos comprobar ese mesmo pulo de dispersión salarial a partir do ano 2003. Se calculamos un índice de desigualdade salarial intercomunitario (Villaverde, 1999, p. 173), que pondera o salario relativo de cada comunidade autónoma co seu emprego relativo¹⁰, obtemos unha evolución semellante.

Gráfica 6.- Índice de desigualdade salarial



FONTES: CIG-Ensino (2006), MEC (2007) e elaboración propia.

¹⁰ A expresión formal deste índice é $\sum (E_i/E_n) [\log (w_i/w_n)]^2$, onde w representa a media aritmética dos salarios de primaria e de secundaria, E o profesorado non universitario público e os subíndices i e n refírense, respectivamente, ás comunidades e á media para todo o Estado. Só pode ser calculado ata o ano 2004, xa que é o último ano para o que se conta con datos do profesorado.

Analizando a evolución dos salarios no período considerado (anexo), constatamos unha maior concentración de comunidades con valores lixeiramente inferiores á media, e un número menor de comunidades, que varían segundo os anos, con valores por riba desta e que non superarían o número de oito para o profesorado de primaria e de seis para o de secundaria. Dentro destes territorios estarían o País Vasco, Canarias, Navarra, as illas Baleares, A Rioxa e Cataluña (só no ano 2006 aparecen Cantabria e Madrid por riba deste valor medio para o profesorado de primaria).

Esta análise permite ver unha maior variabilidade salarial nos valores superiores. O caso contrario estaría constituído polas nove comunidades que fican por baixo da mediana, cuxos niveis salariais mostran unha menor dispersión malia o alto grao de mobilidade que se dá durante este período, no que tan só dúas comunidades (Galicia e Asturias) fican por baixo da mediana para toda a serie tanto para o profesorado de primaria como para o de secundaria. Este grao de mobilidade resulta tan grande debido á concentración de valores por baixo da media e ao redor da mediana, con pequenas diferenzas entre eles, o que provoca variacións nas posicións relativas como consecuencia do perfeccionamento dos acordos de homologación asinados, agás que estes sexan cativos –coma o de Galicia do ano 2003– ou que fosen asinados moi cedo e cunha contía non suficiente para modificar esta posición –coma no caso de Asturias–.

Por riba da mediana e para a totalidade da serie analizada, persisten catro comunidades que se amplían a cinco no caso do profesorado de primaria: País Vasco, Canarias, Navarra e A Rioxa en secundaria, ás que se lle engade Cantabria en primaria.

Galicia pasa ao último lugar estatal no ano 2002 tanto para o profesorado de primaria como para o de secundaria, e non abandona este lugar ata comezos do ano 2005, vinte e dous meses antes do remate da implantación total do acordo asinado no ano 2003, cun incremento final de 21,87 euros no mes de outubro do ano 2006, ficando tan só por riba de Ceuta e de Melilla, de Castela e León, de Asturias e de Extremadura, e cobrando pouco máis de 3 euros brutos mensuais con respecto a case todas elas tanto para o profesorado de primaria como para o de secundaria. Só o profesorado de primaria cobraría pouco máis do dobre desa contía con respecto a Castela e León.

3.2. VARIABLES EXPLICATIVAS DOS SALARIOS NOMINAIS

A comparación internacional dos salarios do profesorado realízase cun indicador consistente na ratio media destes salarios en relación co PIB por habitante (San Segundo, 2001, p. 287). A utilización deste indicador para as diferentes comunidades mostra unha realidade oposta á estudada ata agora. Así, podemos ver como a posición relativa das diversas comunidades resulta case a inversa á anterior, provocando que as de menores retribucións nominais pasen a ocupar os primeiros lugares. Este feito parece previsible dada a menor magnitude do denominador nas co-

munidades máis pobres, aínda que os salarios nominais foran de menor contía. Pola contra, a Comunidade de Madrid sería a que posuiría o menor índice dado o seu alto PIB por habitante.

Esquecendo por un momento este índice e considerando o PIB por habitante como variable independente, imos estudar a súa relación cos salarios. Do mesmo xeito, como se sinalou na introdución, existen outras variables relacionadas co salario do profesorado, algunhas delas de difícil cuantificación, como a satisfacción no posto de traballo, o que imposibilita a análise da súa incidencia sobre as retribucións do profesorado. Porén, existen outras variables como as taxas de paro e os salarios en ocupacións alternativas que darían para unha análise cuantitativa.

A táboa 3 resume as catro regresións realizadas para os salarios do profesorado de primaria e secundaria. Como podemos observar, a variable independente cunha mellor bondade de axuste é o PIB por habitante en ambos os dous casos. A regresión repetiuse sen Ceuta nin Melilla ao carecer de datos para as outras variables explicativas (salarios no sector servizos, salarios nos sectores secundario e terciario conxuntamente, ambos os dous utilizando a *Encuesta de Coste Laboral* e a taxa de paro cun retardo dun ano). A bondade do axuste conserva a orde na que foron enunciadas esas variables. Polo demais, todas as regresións resultan significativas.

Táboa 3.- Regresións do salario do profesorado para o período 2000-2006

Variable endóx.: LOG (salarios profesorado de primaria)	Coef.	Erro estándar	Estatístico <i>t</i>	Probabil.	Coef. de determin.	Durbin-Watson	Nº obs.
log (PIB por habitante)	0,243	0,025	9,667	0,000	0,429	0,166	126
log (PIB por habitante sen Ceuta nin Melilla)	0,243	0,026	9,209	0,000	0,420	0,165	119
log (salarios no sector servizos sen Ceuta nin Melilla)	0,416	0,051	8,086	0,000	0,358	0,159	119
log (salarios nos sectores 2º e 3º sen Ceuta nin Melilla)	0,359	0,048	7,426	0,000	0,320	0,159	119
Taxa de paro sen Ceuta nin Melilla	-0,006	0,001	-4,502	0,000	0,147	0,430	119


Variable endóx.:LOG (salarios profesorado de primaria)	Coef.	Erro estándar	Estatístico <i>t</i>	Probabil.	Coef. de determin.	Durbin-Watson	Nº obs.
log (PIB por habitante)	0,245	0,023	10,447	0,000	0,468	0,172	126
log (PIB por habitante sen Ceuta nin Melilla)	0,245	0,024	9,972	0,000	0,459	0,170	119
log (salarios no sector servizos sen Ceuta nin Melilla)	0,433	0,047	9,147	0,000	0,416	0,165	119
log (salarios nos sectores 2º e 3º sen Ceuta nin Melilla)	0,382	0,044	8,633	0,000	0,389	0,164	119
Taxa de paro sen Ceuta nin Melilla	-0,006	0,001	-4,570	0,000	0,151	0,440	119

Debemos concluir que o PIB por habitante é a variable que mellor explicaría a evolución do salario do profesorado non universitario nestes últimos anos. Por este motivo, é interesante ver como evolucionou en relación coas retribucións dos docentes non universitarios, e para isto volvemos ao índice que relaciona ambas as dúas variables. Cómpre salientar un aspecto na súa evolución: a súa tendencia descendente (gráficas 7 e 8). Nesas gráficas está representada a converxencia β deste índice. Agás as illas Baleares, no resto dos casos o indicador ten unha evolución negativa. Isto implica o depauperamento dos salarios do profesorado con respecto á riqueza xeral da economía. Estaríamos, xa que logo, ante un feito moi preocupante: a perda de riqueza do profesorado con respecto ao resto dos sectores económicos, aspecto que sen dúbida estará a repercutir na súa motivación.

Polo demais, cun coeficiente de determinación superior ao 50% e cuns t -estatísticos superiores a 1,746, a bondade do axuste e o nivel de significación resultan aceptables.

Outra cuestión que muda ao utilizar este indicador é a dispersión. A gráfica 9 mostra como as disparidades autonómicas van minorando ao longo da serie. Esta tendencia acrecenta a gravidade sinalada coa converxencia β . Ambos os dous indicadores mostrarían unha realidade preocupante: o profesorado público non universitario estaría a perder riqueza relativa con respecto ao resto da poboación.

Gráfica 7.- Converxencia β do índice de salarios nominais do profesorado de primaria con respecto ao PIB por habitante




Coef. correl. múlt.	0,709460169
Coef. determin. R^2	0,503333731
R^2 axustado	0,472292089
Erro típico	0,010188921
Observacións	18

	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,024341896	0,012529224	1,942809527	0,069849874
Variable x	-0,03913626	0,009719045	-4,02675935	0,000975584

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007a, 2007b) e elaboración propia.

Gráfica 8.- Converxencia β do índice de salarios nominais do profesorado de secundaria con respecto ao PIB por habitante




Coef. correl. múlt.	0,7252807
Coef. determin. R^2	0,526032094
R^2 axustado	0,496409099
Erro típico	0,009824901
Observacións	18

	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,023733898	0,012125491	1,957355624	0,067984554
Variable x	-0,03423533	0,008124243	-4,21397199	0,000658963

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007a, 2007b) e elaboración propia.

Gráfica 9.- Coeficiente de variación e converxencia σ dos salarios nominais en relación co PIB por habitante



FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007a, 2007b) e elaboración propia.

3.3. DIVERSIDADE DOS SALARIOS REAIS

A análise dos salarios reais ratifica o feito de que van ser os acordos de homologación salarial –e ningún caso moi concreto, outras melloras retributivas¹¹– os

¹¹ Os sistemas retributivos vixentes no País Vasco e en Navarra.

que eviten a perda de poder adquisitivo do profesorado non universitario, pero non de maneira xeneralizada. Sen a existencia destes acordos, o profesorado navarro sería o único que non perdería poder adquisitivo, como se observa na táboa 4. Se temos en conta os acordos de homologación salarial, só tres comunidades (por esta orde: as illas Baleares, Navarra e Aragón) retribúen ao seu profesorado de secundaria por riba do custo da vida, acrecentándose a catro para o de primaria ao sumarse Estremadura.


Táboa 4.- Taxas de variación anual dos salarios nominais 2000-2006 e diferenza co IPC

COMUNIDADES AUTÓNOMAS	CON ACORDOS DE HOMOLOGACIÓN				SEN ACORDOS DE HOMOLOGACIÓN			
	1ª	Diferenza co IPC	2ª	Diferenza co IPC	1ª	Diferenza co IPC	2ª	Diferenza co IPC
Andalucía	3,43	-0,30	3,24	-0,50	2,27	-1,46	2,23	-1,50
Aragón	3,79	0,02	4,03	0,25	2,41	-1,37	2,86	-0,92
Asturias	3,36	-0,24	3,17	-0,42	2,00	-1,59	2,00	-1,59
Canarias	1,94	-1,07	1,94	-1,07	1,94	-1,07	1,94	-1,07
Cantabria	3,53	-0,06	3,33	-0,26	2,82	-0,78	2,71	-0,89
Castela-A Mancha	3,59	-0,14	3,38	-0,35	2,16	-1,57	2,14	-1,60
Castela e León	3,41	-0,17	3,24	-0,34	2,06	-1,53	2,07	-1,51
Cataluña	3,77	-0,34	3,60	-0,51	2,50	-1,60	2,50	-1,61
Ceuta e Melilla	1,55	-2,42	1,48	-2,48	1,55	-2,42	1,48	-2,48
País Vasco	3,29	-0,51	3,22	-0,59	3,29	-0,51	3,22	-0,59
Estremadura	3,54	0,18	3,33	-0,03	2,18	-1,17	2,16	-1,20
Galicia	2,71	-1,00	2,60	-1,10	1,95	-1,76	1,95	-1,76
Illas Baleares	4,85	0,95	4,75	0,85	3,21	-0,69	3,31	-0,59
Madrid	3,54	-0,12	3,34	-0,32	2,83	-0,83	2,72	-0,94
Murcia	2,77	-1,35	2,69	-1,43	1,94	-2,18	1,97	-2,15
Navarra	4,81	1,05	4,58	0,82	4,81	1,05	4,58	0,82
C. Valenciana	3,21	-0,51	3,05	-0,67	2,13	-1,59	2,11	-1,61
A Rioxa	3,96	-0,16	3,71	-0,41	3,15	-0,97	3,00	-1,12

FONTES: Consejo Escolar del Estado (varios anos), CIG-Ensino (2006), INE (2007c) e elaboración propia.

Se non temos en conta os acordos de homologación, as perdas de poder adquisitivo poden chegar a superar o 2% anual coma nos casos de Ceuta, Melilla e Murcia, ou roldar ese valor coma no caso de Galicia. Todas perden máis de medio punto porcentual anual, agás Navarra, como xa se sinalou, e doce comunidades perderían máis dun punto.

Se reducimos un ano o período considerado para poder utilizar unha serie homoxénea do IPC (Base 2001) no canto do programa de cálculo de variación do IPC, como fixemos na análise inicial deste epígrafe, podemos constatar, como mostra a gráfica 10, que o número de comunidades en que o profesorado perde poder adquisitivo (9 para primaria e 10 para secundaria) resulta superior ao número que mellora ese poder (9 para primaria e 8 para secundaria), cando menos para o profesorado de secundaria.

Gráfica 10.- Variación anual dos salarios reais do profesorado 2001-2006

FONTES: Consejo Escolar del Estado (varios anos), CIG-Enseno (2006), INE (2007c) e elaboración propia.

Mediante a mesma serie homoxénea do IPC pódese calcular a converxencia β , que aparece nas gráficas 11 e 12, resultando uns valores de R^2 moi baixos e unhas regresións non significativas.


Máis alá de indicarnos que os salarios reais converxen a unha taxa bastante máis reducida cá dos salarios nominais (un 2,7% para primaria e un 2,1% para secundaria), esta análise indícanos que Ceuta, Melilla, Murcia, Canarias e Galicia son as comunidades nas que decrecen máis os salarios reais do profesorado de primaria, sendo os valores máis baixos referidos ao profesorado de secundaria os de Ceuta, Melilla, Murcia, Galicia e Canarias. No caso de Galicia esta situación agrávase polo feito de partir dun nivel salarial moi baixo no ano 2001. Esta perda de poder adquisitivo vaise configurando como un trazo estrutural da política retributiva do profesorado público non universitario. A pesar de carecer de datos para todas as comunidades, para o caso galego algunha organización sindical (CIG-Enseno, 2006) calcula a perda acumulada desde o ano 1992 en 24 puntos porcentuais. Con datos salariais dun profesor de secundaria que entrou a traballar no ensino público galego no mes de outubro do ano 1997, podemos constatar unha perda de poder adquisitivo de 13,52 puntos porcentuais¹², polo que semella bastante crible a perda calculada desde o ano 1992.

Botando man doutros indicadores de dispersión, observamos que os salarios reais teñen unha evolución bastante parella aos salarios nominais, cando menos ata o ano 2003, no que a súa dispersión resulta menor. Porén, a partir deste ano experimentan unha evolución semellante, pero só durante dous anos e sempre cunha maior dispersión. A partir do ano 2005, como xa vimos, os salarios nominais seguen diverxendo mentres que os salarios reais experimentan unha pequena con-

¹² Utilizando o programa de cálculo de variación do IPC desde o ano 1961 do INE, entre o mes de outubro do ano 1997 e o mesmo mes do ano 2006 en Galicia os prezos variaron un 31,20%; en tanto que no mes de outubro do ano 1997 o profesor cobrou unhas retribucións brutas de 1.786,74 euros, no mesmo mes do ano 2006 cobra 2.102,57 euros, sen ter en conta os trienios e os sexenios. Aínda que estariamos variando o procedemento de análise seguido ata o momento, pódese indicar a título ilustrativo que, aínda tendo en conta a antigüidade acumulada neste período, o profesor en cuestión estaría a perder 3,24 puntos porcentuais.

verxencia no ano 2006, sobre todo no caso de primaria, pero sendo sempre superior á diverxencia dos salarios nominais.

Gráfica 11.- Convergencia β dos salarios reais do profesorado de primaria




Coef. correl. múltiple	0,18212382
Coef. determinación R^2	0,03316909
R^2 axustado	-0,02725785
Erro típico	0,00809508
Observacións	18

	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,1970961	0,26569165	0,7418227	0,468945
Variable x	-0,02663508	0,0359503	-0,74088615	0,46949709

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007c) e elaboración propia.


Gráfica 12.- Convergencia β dos salarios reais do profesorado de secundaria



Coef. correl. múltiple	0,13930217
Coef. determinación R^2	0,01940509
R^2 axustado	-0,04188209
Erro típico	0,00788491
Observacións	18


	Coeficientes	Erro típico	Estatístico t	Probabilidade
Intercepción	0,15473711	0,27636856	0,55989405	0,58330615
Variable x	-0,02063916	0,03667913	-0,56269501	0,581442

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007c) e elaboración propia.

Gráfica 13.- Coeficiente de variación e percorrido das retribucións reais

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007c) e elaboración propia.

A converxencia σ tamén mostra unha evolución semellante aos indicadores anteriores; porén, existe unha diferenza salientable: que no ano 2006 o salario real diminúe lixeiramente a súa dispersión só para o profesorado de primaria, mentres que segue acrecentándose para o de secundaria.

Gráfica 14.- Converxencia σ das retribucións reais

FONTES: CIG-Ensino (2006), INE (2007c) e elaboración propia.

4. CONCLUSIÓNS

Partindo da análise teórica inicial, na que se tiñan en conta os diferentes factores que influían na oferta de profesorado, deuse por suposto que esta era elástica, sendo a procura a que establecía o punto de equilibrio. Isto provoca que os modelos teóricos que relacionan a oferta de profesorado coas retribucións deste colectivo non sexan axeitados para a análise das retribucións do profesorado público non universitario.

Estas retribucións, aínda que están formadas por unha maioría de conceptos salariais comúns para todo o Estado, resultan moi diferentes como consecuencia da contía do complemento específico, de tal maneira que o comezo desa dispersión habería que situalo nos anos iniciais da década dos anos oitenta, momento no que se producen os primeiros procesos de transferencia educativa da Administración

Central do Estado ás comunidades que aproban máis cedo os seus estatutos de autonomía. A partir de aí comezan a medrar as disparidades salariais que atoparían un primeiro punto de inflexión nos últimos anos da década dos anos noventa, aínda que se carece de datos anteriores ao ano 2000, data na que se materializan os primeiros acordos de homologación salarial asinados en varias comunidades, debendo supoñer o inicio dunha traxectoria descendente. Esta tendencia muda no ano 2003, a partir do cal case non se asinan novos acordos de homologación ou os que se asinan supoñen melloras moi cativas que non son quen de reducir a diferenza salarial anterior.

Polo tanto, unha vez que se constata que as diferenzas salariais se acrecentan durante as décadas dos anos oitenta e noventa (e a partir do ano 2003), só os acordos de homologación asinados posteriormente –e non sempre, xa que dependerán da súa contía e da posición autonómica na escala retributiva– van ser quen de reducir esa dispersión.

Ao existir comunidades que remuneran ao seu profesorado moi por riba da media, a dispersión salarial só pode diminuír cando as comunidades con salarios máis baixos asinan acordos de homologación e estes son considerados bos, segundo o criterio establecido na gráfica 1. No caso contrario, a sinatura de acordos polo resto das comunidades provocaría un acrecentamento destas diferenzas. Isto conséntase na análise da converxencia realizada que, logo dunha senda de converxencia que partiría desde os últimos anos da década dos anos noventa, atopa o seu punto de inflexión no ano 2003, continuando desde aí a diverxencia dos salarios nominais nunha maior medida do que o valor de comezos de século.

Comprobouse que o PIB por habitante é a variable que mellor explica a evolución dos salarios nominais, aínda que tamén existan outras cunha forte correlación como poden ser os salarios no resto dos sectores económicos e, nunha menor proporción, a taxa de paro.

A nivel real existe un trazo estrutural partillado pola maioría das comunidades: a perda de poder adquisitivo deste profesorado ao longo da serie. Este feito, negativo de seu, agrávase durante os primeiros anos da serie dada a maior dispersión dos salarios reais en comparación cos nominais. Isto provoca que o profesorado peor remunerado perda poder adquisitivo nunha maior proporción ca o do resto das comunidades. A converxencia β vén a dicir o mesmo ao darnos unha porcentaxe de converxencia que en termos reais non só resulta moi inferior á dos salarios nominais senón que é negativa.

O caso galego é paradigmático desta perda de poder adquisitivo, podéndose cualificar este aspecto como un trazo definidor da política retributiva da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao existir datos anteriores aos da serie analizada que constatan esa característica.

Por último, cómpre sinalar que a este aumento da diverxencia salarial en termos nominais e reais, e tamén a esa perda de poder adquisitivo do profesorado público

non universitario, hai que engadirlle o feito da perda de riqueza relativa con respecto ao resto dos sectores económicos. Só a través dun indicador que pon en relación o salario co PIB por habitante se dá un proceso de converxencia para toda a serie ao converxer o profesorado de todas as comunidades, perdendo riqueza con respecto ao resto dos sectores económicos.

Polo tanto, debemos concluír que os profesionais do sector educativo público non universitario están a sufrir un depauperamento que afecta de maneira xeneralizada a todo o Estado, coas consecuencias que ten para o resto da economía. Todo isto ante un escenario de aumento das diferenzas salariais tanto nominais como reais que, lonxe de minorarse, están a acrecentarse nos últimos anos.

ANEXO

Táboa a1.- Salarios nominais do profesorado de primaria e medidas de posición e dispersión

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Andalucía	1.497,22	1.538,67	1.617,99	1.684,64	1.718,35	1.797,44	1.833,39
Aragón	1.490,23	1.558,52	1.628,23	1.691,45	1.740,52	1.787,28	1.863,05
Asturias	1.490,53	1.589,48	1.638,66	1.671,44	1.704,90	1.739,00	1.817,08
Canarias	1.810,91	1.847,14	1.877,46	1.915,01	1.953,33	1.992,40	2.032,24
Cantabria	1.559,35	1.629,62	1.664,64	1.698,76	1.746,56	1.842,68	1.920,34
Castela-A Mancha	1.517,28	1.585,20	1.654,47	1.705,56	1.740,34	1.774,50	1.874,99
Castela e León	1.483,62	1.554,78	1.662,44	1.694,00	1.729,66	1.788,88	1.814,47
Cataluña	1.556,46	1.587,61	1.631,39	1.745,66	1.843,90	1.880,79	1.943,41
Ceuta e Melilla	1.607,85	1.612,60	1.627,24	1.662,02	1.694,54	1.728,45	1.763,03
País Vasco	1.796,29	1.879,87	1.937,98	1.937,98	2.022,69	2.139,10	2.181,89
Extremadura	1.475,21	1.609,91	1.642,18	1.675,00	1.718,96	1.763,97	1.817,40
Galicia	1.532,21	1.562,86	1.588,12	1.626,01	1.676,83	1.733,91	1.798,64
Illas Baleares	1.504,07	1.553,46	1.653,97	1.797,39	1.906,20	1.959,29	1.998,49
Madrid	1.559,35	1.629,61	1.664,04	1.697,14	1.731,10	1.765,70	1.921,82
Murcia	1.550,33	1.602,99	1.649,88	1.698,50	1.730,02	1.767,16	1.825,99
Navarra	1.591,26	1.656,51	1.701,24	1.769,98	1.818,83	1.929,44	2.109,75
C. Valenciana	1.511,66	1.584,81	1.641,53	1.697,26	1.756,22	1.791,36	1.827,19
Rioxa, A	1.547,33	1.623,37	1.705,01	1.770,99	1.837,92	1.903,04	1.953,61
Media	1.560,06	1.622,61	1.677,03	1.729,93	1.781,72	1.838,02	1.905,38
3º cuartil	1.559,35	1.628,05	1.664,49	1.763,90	1.833,15	1.897,48	1.951,06
Mediana	1.539,77	1.596,24	1.651,93	1.697,88	1.740,43	1.790,12	1.869,02
1º cuartil	1.498,93	1.568,35	1.633,21	1.686,34	1.721,64	1.766,07	1.819,55
Converxencia σ	0,0570	0,0531	0,0490	0,0452	0,0509	0,0561	0,0569
Coef. variación	0,0599	0,0558	0,0515	0,0466	0,0524	0,0580	0,0584
Percorrido	335,70	341,20	349,86	311,97	345,86	410,65	418,86

FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

Táboa a2.- Salarios nominais do profesorado de secundaria e medidas de posición e dispersión

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Andalucía	1.741,99	1.789,24	1.873,07	1.944,38	1.983,31	2.067,72	2.109,09
Aragón	1.733,00	1.806,13	1.881,75	1.950,05	2.006,66	2.060,46	2.196,49
Asturias	1.733,30	1.837,09	1.891,23	1.929,06	1.967,70	2.007,07	2.090,52
Canarias	2.019,56	2.059,95	2.094,20	2.136,09	2.178,85	2.222,44	2.266,90
Cantabria	1.802,12	1.877,23	1.917,21	1.956,38	1.995,57	2.110,75	2.193,78
Castela-A Mancha	1.760,05	1.832,81	1.907,04	1.963,18	2.002,52	2.042,57	2.148,43
Castela e León	1.726,39	1.802,39	1.916,31	1.954,64	1.973,52	2.028,66	2.090,37
Cataluña	1.800,16	1.836,16	1.883,96	2.007,74	2.163,37	2.181,95	2.225,54
Ceuta e Melilla	1.861,80	1.863,84	1.877,38	1.916,45	1.954,81	1.993,94	2.033,84
País Vasco	2.094,52	2.189,04	2.258,05	2.258,05	2.352,54	2.482,94	2.532,62
Extremadura	1.717,98	1.857,52	1.894,75	1.932,65	1.981,76	2.032,01	2.090,84
Galicia	1.775,90	1.811,41	1.840,69	1.884,61	1.939,61	2.001,98	2.072,08
Illas Baleares	1.720,28	1.776,12	1.906,54	2.055,02	2.163,87	2.227,36	2.271,98
Madrid	1.802,12	1.877,22	1.916,61	1.954,76	1.993,90	2.033,77	2.195,26
Murcia	1.793,10	1.850,60	1.902,45	1.956,12	1.993,01	2.035,24	2.102,49
Navarra	1.884,29	1.961,55	2.014,52	2.095,91	2.153,77	2.259,87	2.465,76
C. Valenciana	1.757,62	1.835,69	1.897,43	1.958,27	2.022,48	2.062,96	2.104,23
Rioxa, A	1.790,10	1.870,98	1.963,02	2.036,73	2.111,68	2.183,76	2.227,05
Media	1.806,35	1.874,17	1.935,35	1.993,89	2.052,16	2.113,08	2.189,85
3º cuartil	1.802,12	1.875,66	1.917,06	2.029,48	2.143,25	2.183,31	2.226,67
Mediana	1.783,00	1.843,85	1.904,50	1.956,25	1.999,05	2.061,71	2.171,11
1º cuartil	1.735,47	1.816,76	1.885,78	1.945,80	1.982,15	2.032,45	2.093,75
Converxencia σ	0,0530	0,0507	0,0473	0,0436	0,0506	0,0557	0,0569
Coef. variación	0,0554	0,0532	0,0498	0,0449	0,0521	0,0579	0,0590
Percorrido	376,54	412,92	417,36	373,44	412,93	489,00	498,78

FONTE: CIG-Ensino (2006) e elaboración propia.

BIBLIOGRAFÍA

- COHN, E.; GESKE, T. (1990): *The Economics of Education*. 3ª ed. New York: Pergamon Press.
- CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DO ENSINO (CIG-ENSINO) (2006): *CIG-Inforna*. Santiago de Compostela: CIG-Ensino.
- CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO (varios anos): *Informe sobre el estado y situación del sistema educativo*. (Disponible en www.cesces.es). Madrid.
- DOLTON, P.J. (1990): "The Economics of UK Teacher Supply", *Economic Journal*, núm. 100, pp. S91-S104.
- INSTITUTO NACIONAL DE CALIDAD Y EVALUACIÓN (INCE) (2006): *Sistema estatal de indicadores de educación 2002*. (Disponible en www.mec.es). Madrid.

- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2007a): *Contabilidad Regional de España*. (Disponible en www.ine.es). Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2007b): *Cifras oficiales de población: padrón municipal*. (Disponible en www.ine.es). Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2007c): *Índice de Precios de Consumo*. (Disponible en www.ine.es). Madrid.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2007d): *Encuesta de Coste Laboral*. (Disponible en www.ine.es). Madrid.
- JOHNES, G. (1995): *Economía de la educación. Capital humano, rendimiento educativo y mercado de trabajo*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Centro de Publicaciones.
- MARTÍN, C. (2000): “El capital humano y la eficiencia y calidad del sistema educativo en España”, *Papeles de Economía Española*, núm. 86, pp. 2-19.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (2007): *Datos y cifras. Curso escolar 2006-2007*. (Disponible en www.mec.es). Madrid.
- MURNANE, R.J.; OLSEN, R.J. (1989): “Will there be Enough Teachers?”, *American Economic Review, Papers and Proceedings*, núm. 79, pp. 242-64.
- PALAFÓX, J.; MORA, J.G.; PÉREZ, F. (1995): *Capital humano, educación y empleo*. (Disponible en www.bancaixa.es). Valencia.
- SALA-I-MARTÍN, X. (1994): “La riqueza de las regiones. Evidencia y teorías sobre crecimiento regional y convergencia”, *Moneda y Crédito*, núm. 198, pp. 13-54.
- SAN SEGUNDO (2001): *Economía de la educación*. Madrid: Síntesis.
- SERRANO, L. (1995): *Indicadores de capital humano y productividad*. Valencia: Institut Valencià d'Investigacions Econòmiques.
- SERRANO, L.; PASTOR, J.M. (2003): *Capital humano y actividad económica. El valor económico del capital humano en España*. (Disponible en www.bancaixa.es). Valencia.
- SMITH, A. (1990): *Investigación sobre la naturaleza y causas de la riqueza de las naciones*. 6ª reimpr. México DF: Fondo de Cultura Económica.
- TAMAMES, L.; TAMAMES, R. (2003): *Introducción a la Constitución española*. 1ª ed. rev. Madrid: Alianza.
- VENCE, X. (1996): “Riqueza dende a diversidade: disparidades rexionais e cohesión na Unión Europea”, *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 2, pp. 191-216.
- VILLAVARDE, J. (1999): “Dispersión y flexibilidad regional de los salarios en España”, *Papeles de Economía Española*, núm. 80, pp. 171-184.
- ZABALZA, A. (1970): “The Determinants of Teacher Supply”, *Review of Economic Studies*, núm. 46, pp. 131-47.
- ZABALZA, A.; TURNBULL, P.; WILLIAMS, G. (1979): *The Economics of Teacher Supply*. Cambridge: Cambridge University Press.